

MEMORIA EXPLICATIVA E ECONÓMICA DA REGULACIÓN DA SUBVENCIÓN NOMINATIVA MEDIANTE CONVENIO ESPECÍFICO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA A TRAVÉS DA CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE AVALIACIÓN DE POLÍTICAS DE EMPREGO E FORMACIÓN

RAZÓNS DE NECESIDADE E DE OPORTUNIDADE

A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración é o departamento da Administración Autonómica ao que de acordo co disposto no Decreto 147/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica, lle corresponde propor, deseñar, coordinar e executar as directrices xerais do Goberno no ámbito laboral e do emprego, que engloba, ente outras, as competencias en materia de políticas activas de emprego, emprendemento, emprego autónomo, cooperativas e outras entidades de economía social, formación para o emprego, orientación e colocación, intermediación laboral, así como, política laboral, relacións laborais, seguridade e saúde laboral, e responsabilidade social empresarial. Polo tanto, ten as competencias no ámbito da análise e avaliación das políticas públicas de emprego e formación que desenvolve.

Por outra banda, a Universidade de Santiago de Compostela (USC) é unha entidade de Dereito Público que desenvolve actividades de Formación, Investigación e Desenvolvemento Científico e Tecnolóxico, interesada en colaborar cos sectores socio-económicos e as institucións públicas para asegurar un dos fins da formación e da investigación, que é a valorización e a transferencia do coñecemento ao servizo da sociedade. A USC, a través do seu Departamento de Economía Aplicada (en diante, Departamento), conta con persoas especialistas nas liñas de investigación sobre avaliación de políticas públicas.

Neste sentido, a Consellería ten interese na realización de estudos e análises sobre a calidade útil das políticas das políticas que desenvolve co fin de coñecer os efectos da súa implementación e mellorar a súa planificación e pola súa banda, o Departamento de Economía Aplicada da USC ten entre os seus ámbitos de competencia o desenvolvemento de metodoloxías de estudo e investigación na avaliación de políticas públicas e ten unha longa traxectoria no desenvolvemento destas actuacións contando con especialistas de recoñecido prestixio.

En consecuencia, ambas partes (USC e Consellería de Emprego, Comercio e Emigración) comparten o interese do estudo da xestión das políticas públicas en beneficio da sociedade e consideran esencial o establecemento de accións



conxuntas que permitan avanzar no desenvolvemento metodolóxico necesario para a análise rigorosa das políticas de emprego e formación e o seu seguimento.

É a presenza da confluencia de intereses comúns para a realización da actividade obxecto do convenio, unida a ausencia dun ánimo de obtención de beneficio industrial ou mercantil, o que a doutrina ven sinalando como notas diferenciadoras e definitorias dun convenio fronte a un contrato, no que se atopan intereses non confluentes e a busca dunha contraprestación interpartes. O feito de que na realización das actuacións non existan intereses contrapostos entre as partes nin tampouco onerosidade, evita que podamos falar dun contrato, polo que nos atopamos ante un dos convenios do artigo 6.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que exclúe do seu ámbito de aplicación aos convenios que celebren as entidades do sector público con persoas físicas ou xurídicas suxeitas ao dereito privado, sempre que o seu contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesa lei ou en normas administrativas especiais.

A sinatura deste convenio é considerada de utilidade pública na medida en que os estudos e investigacións a realizar permitirán avanzar na análise da calidade útil das políticas da Consellería co fin de coñecer os efectos da súa implementación e mellorar a súa planificación futura en atención aos resultados obtidos, así como, a difundir os coñecementos e as investigacións no eido propio da Consellería, motivo polo que o financiamento destas actuacións constitúe unha subvención nominativa prevista nos orzamentos xerais da Xunta de Galicia para o ano 2025, segundo o disposto no artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 36 a) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

Polo exposto, estímase axeitada a formalización dun convenio con tales fins, por ser o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente, de acordo co artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e por existir converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido, como unha investigación sen ánimo de lucro.

O instrumento xurídico do convenio queda fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, sen prexuízo de que, segundo o previsto no artigo 4 desta norma, lle sexan de aplicación os principios da lei para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse.

Para a tramitación do convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.



OBXECTO

O obxecto do presente convenio é establecer as bases da colaboración entre a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e a Universidade de Santiago de Compostela (USC) para fomentar, promover e financiar a realización de estudos e informes relacionados coa avaliación de políticas de emprego e formación desenvolvidas pola Consellería co fin de coñecer os efectos da súa implementación e mellorar a súa planificación futura en atención aos resultados obtidos, así como para a difusión de coñecementos e investigacións no eido propio da Consellería e contribuír a estender a cultura da avaliación.

Durante o ano 2025 está previsto que se desenvolvan as seguintes liñas, a expensas das decisións que se adopten na comisión de seguimento do convenio:

- a. Investigación aplicada. Realización de investigación aplicada sobre políticas de emprego e formación desenvolvidas pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.
- b. Definición e deseño de metodoloxías de avaliación. Elaboración e deseño de metodoloxías para avaliar as políticas de emprego, así como propostas de ferramentas necesarias para a súa análise.
- c. Aplicación e xeración de informes. Realización de informes baseados na aplicación das metodoloxías e instrumentos deseñados para analizar as políticas específicas que acorden as partes na comisión mixta.

FINANCIAMENTO

Para o desenvolvemento destas actuacións, a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración asume o compromiso de financiar con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025, na aplicación orzamentaria 14.02.322C 444.01, proxecto contable 2025 00129, a cantidade de setenta e cinco mil euros (75.000,00 €) destinada á Universidade de Santiago de Compostela, achega prevista como subvención nominativa nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia.

Este expediente tramítase de conformidade co establecido na Orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998, modificada polas ordes do 27 de novembro de 2000 e do 25 de outubro de 2001, pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto, ao estar previsto a existencia de crédito suficiente na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025. A eficacia da subvención nominativa queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no momento do inicio dos efectos do convenio.



ANEXO I

I. CADRO DESAGREGADO POR ACTIVIDADES E TIPOLOXÍA DE GASTO

I.1. CADRO XERAL

Tipoloxía Actuación	Tipoloxía de gasto/ Gastos subvencionables	Importe ano 2024	TOTAL
Actuación	Gastos de persoal	60.000 €	60.000 €
	Edición e maquetación informes	2.000 €	2.000 €
	Gastos reunións técnicas con persoas expertas: traslados, aloxamento, materiais, etc.	2.000 €	2.000 €
	Difusión, soporte e comunicación	655,17 €	655,17 €
	Custos indirectos USC	10.344,83 €	10.344,83 €
	TOTAL	75.000 €	75.000 €

I.2. DETALLE CADRO DE PERSOAL

As actuacións obxecto do convenio serán desenvolvidas polo persoal docente investigador (PDI) do Departamento ao que se lle retribuirá o traballo adicional que realice en relación co mesmo. Non resulta posible determinar a priori o número exacto de persoal e horas adicionais que serán necesarias para o desenvolvemento das actuacións obxecto do convenio, xa que isto dependerá da concreción dos traballos que acorde a Comisión Mixta de Seguimento segundo o establecido na cláusula novena, polo que no seguinte cadro indicase o custo de hora adicional segundo a categoría laboral do persoal do Departamento e no segundo cadro, o persoal que inicialmente está previsto que desenvolva os traballos:

Categoría Profesional	Custe hora adicional	
Persoal Docente e Investigador (PDI) categoría catedrático de universidade	120 eur/hora	A asignación de horas exactas deberá facerse no momento da



Persoal Docente e Investigador categoría titular ou contratado doutor	100 eur/hora	xustificación, en función da dedicación adicional do PDI aos traballos obxecto do Convenio. En ningún caso poderá exceder o importe total orzamentado
Persoal Docente ou investigador categoría axudante doutor	80 eur/hora	

Categoría Profesional	Nº de técnicos	Nº horas adicionais	TOTAL
Persoal Docente e Investigador (PDI) categoría catedrático de universidade	4	250	30.000 €
Persoal Docente e Investigador categoría titular ou contratado doutor	4	300	30.000 €
TOTAL	8	550	60.000 €

ANEXO III: CÁLCULO DE ORZAMENTO CON PREZOS UNITARIOS

Gastos subvencionables	Prezo anual	Prezo unitario (hora adicional)	Nº unidades	Orzamento total
Custos salariais	60.000 €	100/120 €/h	8 técnicos	60.000 €
Contratación de medios externos, gastos xerais, materiais e técnicos co límite do 15% do custo total final do proxecto	15.000 €		Indeterminable a priori	15.000 €
TOTAL				75.000 €



INDICADORES:

CLASIFICACIÓN ECONÓMICA

Sección 14: Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

Servizo 02: Secretaría xeral de Emprego e Relacións Laborais.

Programa de Gasto 322C: Promoción do emprego e do mercado de traballo inclusivo

Clasificación económica : 444.01 A UNIVERSIDADES PÚBLICAS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA

Código de proxecto: 2025 00129 CONVENIO USC PARA AVALIACIÓN POLÍTICAS ACTIVAS EMPREGO GALICIA

ENCAIXE NO PEG 22-30:

Á vista dos obxectivos descritos, esta subvención ten o seguinte encaixe no PEG, dentro das principais liñas de actuación de carácter estratéxico:

EIXO: E1. O reto demográfico

PRIORIDADE DE ACTUACIÓN: PA01 - Acadar un nivel de emprego elevado e de calidade, que garanta o equilibrio entre a vida profesional e a privada

OBXECTIVO ESTRATÉXICO: OE01 - Mellorar a empregabilidade das persoas desempregadas ou inactivas, especialmente entre a poboación xuvenil e aquelas con maiores dificultades de acceso ao mercado laboral, por medio da adquisición de experiencia profesional, da formación e da orientación, fomentando a igualdade de oportunidades.

- **OBXECTIVO OPERATIVO: OO99** - Outras actuacións que contribúen ao obxectivo específico.

Finalmente, en cumprimento do establecido na Instrución nº 3 de data 21.06.2023 da IXCA, en canto aos indicadores (Anexo IV):

Plan Estratéxico	Planificación de Fondos Europeos	Actividade	Indicador/es	Fito
------------------	----------------------------------	------------	--------------	------



Indicadores PEG	Non	Apoio á mellora da empregabilidade	SC06.H	1.000
			SC06.M	1.500

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O secretario xeral de Emprego e Relacións Laborais

Pablo Fernández López

